

Á ATENCIÓN DA SRA. MINISTRA DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E
MEDIO AMBIENTE



Asunto: SOLICITUDE DE PRIORIDADE PARA A TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE SANCIONADOR S/27/0148/15, POR INFRACCIÓN GRAVE, CO GALLO DE EVITAR PREXUÍZOS A TERCEIROS, O IMPACTO AMBIENTAL E SOBRE O DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO DO RÍO MIÑO, EN CASTRO ROMAI (LUGO)

Dna. XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX, como representante e presidenta da Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) na súa delegación de Lugo, no seu nome e no das organizacións que forman parte da plataforma “Lugo de cara ao Miño” (referidas ao final deste documento), e con enderezo postal a efectos de notificación Ronda de Fontiñas, 180 Entresuelo, 27002 Lugo,

EXPÓN:

PRIMEIRO.- Que o pasado 16 de decembro de 2015, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) foi admitida pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, dependente do Ministerio, como parte interesada no expediente sancionador s/27/0148/15, incoado pola Confederación contra o Concello de Lugo e a empresa INCA, por “incumprimento das condicións particulares 1ª e 13ª da concesión administrativa H/27/93-0218, ao iniciar as obras dunha ataguía provisional sita no azude do Caneiro da Luz, augas arriba da entrada da canle de derivación cara a central hidroeléctrica, nun lugar distinto, concretamente 150 metros augas arriba, do lugar contemplado no Proxecto dos dispositivos de franqueo, de protección de fauna, caudal mínimo e medidas de protección do hábitat e no Estudo de Impacto Ambiental de Protección e Rehabilitación da Central Hidroeléctrica denominada Fábrica da Luz e na Declaración de Impacto Ambiental, no leito do río Miño, á altura do Azude Caneiro da Luz, no termo municipal de Lugo.

SEGUNDO.- Que con data 13 de xaneiro de 2016, esta Asociación é convocada a un trámite de vista e audiencia para consultar e presentar alegacións ao expediente de referencia.

TERCEIRO.- Que con data 8 de febreiro de 2016, ADEGA presenta escrito de alegacións a ter en conta na resolución do expediente sancionador de referencia, no que se solicita que sexa resolto o devandito expediente sancionando aos responsables de realizar ditas obras e obrigándoos a repoñer o espazo afectado ao seu estado orixinal, - en aplicación do artigo 118 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas-, en canto as condicións

meteorolóxicas, hidrolóxicas e ambientais sexan máis favorables para o río e o espazo natural afectado, é dicir, na época de estiaxe do río Miño.

CUARTO.- Que os argumentos que fundamentan a nosa petición de sanción, reparación dos danos e prexuízos ocasionados ao dominio público hidráulico e a reposición do espazo afectado ao seu estado orixinal se resumen en 6 apartados (desenvolvidos na copia do documento de alegacións que se acompaña):

- 1) A inexistencia da ataguía nomeada no Proxecto de dispositivos de franqueo, no Proxecto de Rehabilitación e aproveitamento hidroeléctrico e na Declaración de Impacto Ambiental de dito proxecto, aprobada por este Ministerio no día 20 de xullo de 2012.
- 2) O inicio das obras sen a autorización preceptiva da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, nin da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia.
- 3) A realización das obras fóra da época de estiaxe, en contra do disposto na Declaración de Impacto Ambiental (DIA) de dito proxecto.
- 4) Incumprimento das características construtivas das ataguías contempladas no proxecto e na DIA.
- 5) Recoñecemento implícito, por parte da empresa e do promotor, do impacto ambiental xerado por estas obras sobre a especie *Margaritifera margaritifera* de interese comunitario (Anexo II de la DC 92/43/CEE).
- 6) Que estas obras supoñen unha modificación substancial do Proxecto aprobado e que, ao afectar a un espazo natural protexido como Rede Natura 2000, cómpre pasen pola preceptiva avaliación de impacto ambiental, segundo o dispoñen a actual e anterior Lei de Avaliación de Impacto.

QUINTO.- Cómpre resaltar que tanto as organizacións ADEGA como SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural), o 2 de decembro de 2015, ambas as dúas efectuaron petición expresa á Secretaría de Estado de Medio Ambiente, a través da Presidencia da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, de revisión e anulación da Resolución de Declaración favorable de Impacto Ambiental do “Proxecto de rehabilitación da minicentral hidroeléctrica Fábrica da Luz de Lugo e ampliación do caudal en 11.000 l/s (dun aproveitamento de auga do río Miño) en Castro Romai, termo municipal de Lugo”, de 20 de xullo de 2012, polos seguintes motivos, entre outros:

-Non considerar a afectación de dito proxecto á integridade do espazo natural protexido como Rede Natura 2000, ZEPVN e ZEC Parga-Ladra-Támoga.

-Non considerar a afectación de dito proxecto a 5 hábitats de interese comunitario (que se corresponden cos códigos 3260, 3270, 6410, 6430, 6510) e 1 hábitat de conservación prioritaria (91E0*) (Directiva 92/43/CEE), que se omitiron ou non valoraron na avaliación de impacto ambiental do proxecto.

-Non considerar a afectación de dito proxecto a 4 especies de flora, 4 especies de invertebrados, 3 especies de peces, 9 de anfibios, 7 de réptiles, 93 especies de aves e 13 especies de mamíferos incluídos nos Anexos II e IV da Directiva 92/43/CE, no Anexo I da Directiva 2009/147/CE, e nos catálogos español (Real Decreto 139/2011) e galego de especies ameazadas (Decreto 88/2007), entre as que destacan: *Lutra lutra*, *Nymphoides peltata*, *Isoetes fluitans*, *Unio pictorum*, *Potomida littoralis*, *Margaritifera margaritifera*, *Natrix natrix* e *Gasterosteus*

aculeatus.

-Negar a presenza de especies cuxa presenza na área afectada está sobradamente demostrada, como a nutria (*Lutra lutra*) ou o nenúfar de río (*Nymphoides p*



Presenza de *Nymphoides peltata* na área afectada pola minicentral “Fábrica da Luz”.

-Por ser esta DIA totalmente contraria á normativa ambiental de ámbito europeo (Directiva 92/43/CE), estatal (Lei 42/2007) e autonómico (Lei 9/2001, Decreto 72/2004) e, actualmente, no Plan Director da Rede Natura 2000 en Galicia (Decreto 37/2014).

SEXTO.- Que o 11 de abril de 2016, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil remite a esta Asociación informe da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente no que se indica que, en base ao artigo 7.1.c da Lei 21/2013 de Avaliación Ambiental, será obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria calquera modificación das características dun proxecto consignado no anexo I ou no anexo II, casuística á que pertencen estas obras obxecto de expediente sancionador por estar incluídas nun espazo natural protexido como Rede Natura 2000; e que esta avaliación ambiental terá que ser tramitada pola Consellería de Industria da Xunta de Galicia, como órgano substantivo de dito expediente de autorización.

SÉPTIMO.- Que, polo tanto, as obras da ataguía, obxecto de expediente sancionador, foron realizadas nun espazo natural protexido como Rede Natura 2000, -ademais de estar recoñecido como ZEPVN (Decreto 72/2004), ZEC Ladra-Parga-Támoga (Decreto 37/2014) e Zona Núcleo da Reserva da Biosfera Terras do Miño (Lei 42/2007)-, sen ter pasado pola preceptiva avaliación de impacto ambiental; e que a simple existencia de tal ataguía na área protexida podería estar a causar un dano ou impacto irreparable nos hábitats e especies amparadas pola DC 92/43/CEE de la Unión Europea, pola Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e polos Decretos autonómicos 9/2001, 72/2004 e 37/2014.

OITAVO.- Que dita ataguía, presentada como “provisional” pola empresa executora da mesma, permanece ocupando o dominio público hidráulico do río Miño ea área

protexida como Rede Natura 2000 desde o inicio da súas obras, o 10 de novembro de 2015 ata o día de hoxe, á espera de que se resolva o expediente sancionador incoado, con vistas á súa retirada do leito fluvial e á reposición do espazo afectado ao seu estado orixinal.

NOVENO.- Que ademais das potenciais afeccións de ditas obras obxecto de expediente sancionador sobre os hábitats e especies protexidas e recollidas na área de Rede Natura 2000 afectada, dito dique ou ataguía que atravesa parte do leito fluvial, está modificando desde a súa execución o curso natural das augas do río Miño, favorecendo a erosión do marxe dereito do río, a sedimentación dos seus fondos e acelerando a destrución do azude Caneiro da Luz, xa deteriorado en grande parte pola acción do tempo e que pertence ao Inventario do Patrimonio Cultural de Galicia. Polo tanto, ditas obras da ataguía poderían estar a prexudicar ademais intereses de carácter público ou de terceiros amparados pola Lei de Augas e que deberían de ser preservados tamén por este Ministerio.

DÉCIMO.- Que, de acordo co artigo 117.3 del RDL 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, “será competencia da Ministra de Medio Ambiente a sanción das infraccións graves”,

E, por todo elo,

Co obxecto de evitar maiores prexuízos e un dano irreparable para o dominio público hidráulico do río Miño, os hábitats e especies protexidos nesa área de protección de Rede Natura 2000 e danos a intereses ou dereitos de terceiros pola permanencia inxustificada en dito lugar das obras da ataguía obxecto de expediente sancionador, non autorizadas pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil e non avaliadas ambientalmente,

SOLICITAMOS

Á Sra. Ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que ordene dar prioridade á instrución do expediente sancionador de referencia, favorecendo a disposición dos medios necesarios, para poder resolver dito expediente ca máxima celeridade posible e ordenar a retirada da ataguía (se así o dispón) en canto as condicións ecolóxicas do río sexan óptimas para tal efecto, é dicir, na época de estiaxe deste mesmo ano 2016.

En Lugo, a 20 de abril de 2016, Asina



Ataguía obxecto de expediente sancionador, en febreiro de 2016.

Apoian esta petición tódalas organizacións que forman parte da plataforma “Lugo de Cara ao Miño”:

As organizacións sociais e ambientalistas:

- ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)
- AGCT (Asociación Galega de Custodia do Territorio)
- Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde
- Ateneo Engranaxe
- Carneiro Alado
- CIG (Confederación Intersindical Galega)
- Cooperativa Bico de Grao
- Cultura do País
- Madia Leva
- Masa Crítica
- SLG (Sindicato Labrego Galego)
- SOS Río Miño

As formacións políticas:

- ACE-EU
- ANOVA
- BNG
- Compromiso por Galicia
- Espazo Ecosocialista
- EQUO
- Luginovo
- Podemos